

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do Diario de Ferrol, o día 8 de abril de 2007.-

## **Lavandeiras da Magdalena**

Na corazón mesmo da cidade de Dublín, preto do parque de St. Stephen's Green, érguese un modesto monumento cunha placa que di: "*A todas as mulleres que traballaron nas Lavanderías da Magdalena e a todos os nenos que naceron das integrantes desas comunidades. Reflexionade aquí acerca das súas vidas*"

Detrás destas parcas palabras agáchase un dos capítulos máis sórdidas e vergoñentas da historia da República de Irlanda, o das "Lavanderías da Magdalena" (*Magdalene Laundries*), que eran unha serie de asilos espallados por todo o país nos que, a criterio dos seus párrocos correspondentes, se recluía ás rapazas que se atopaban en circunstancias de "perigo moral", unha situación que abranguía dende nais solteiras, ás veces por mor de violación no seo da propia familia, até rapazas consideradas "demasiado botadas para adiante". A inmensa maioría as internas haberían de perder todo contacto co mundo exterior, pechadas de por vida entre os muros dunha institución na que tamén acabarían sendo enterradas en foxas sen nome nun cemiterio interior.

A historia destes asilos, xestionados polas Irmás da Misericordia, comezou no século XIX co nobre obxectivo da rehabilitación de mulleres que traballaban como prostitutas e recibiron o nome de "refuxios da Magdalena" en honra da muller arrependida dos seus pecados e convertida en fiel seguidora de Cristo. Os fogares, nun comezo ideados con carácter temporal, co paso do tempo comezarían a transformarse en lugares de longas estadías para rapazas "que redimían os seus pecados traballando como lavandeiras", para acabar convertidos en verdadeiros

presidios nos que se inflixían severos castigos tanto físicos como psíquicos e morais.

As lavadeiras da Magdalena, a quen incluso se lles cambiaba o nome no intre mesmo de ingresar nos asilos, vivían agachadas da opinión pública e, coas cabezas rapadas como xeito de “acabar coa súa vaidade”, dedicaban interminábeis xornadas a lavar a man, secar e pasar a ferro roupas das máis diversas procedencias, dende institucións sanitarias, militares ou penitenciarias, até internados, conventos e casas privadas, no máis absoluto silencio, ás veces mesmo estando a piques de dar a luz, e baixo o terríbel peso da humillación e a violencia física e moral co obxectivo de “limpar as súas almas pecadoras”. Os fillos nados no interior dos conventos eran entregados en adopción a familias ricas de Irlanda, Gran Bretaña ou os Estados Unidos, polo que o seu rastro ficaría perdido para sempre. As lavadeiras foron mulleres que desapareceron dos ollos dunha sociedade que ollaba para outro lado e mesmo no intre da súa morte foron enterradas sen comunicación ningunha ás súas familias ou ás autoridades. Calcúlase que foron arredor de trinta mil as rapazas que pasaron polos asilos, aínda que nunca existiu rexistro de ningunha caste.

O escándalo das Lavanderías da Magdalena saltou á luz pública no ano 1993, cando unha congregación de monxas decidiu vender a unha promotora inmobiliaria parte dos terreos do seu convento, o “Refuxio da Nosa Señora da Caridade” en High Park, Drumcondra, ao norte da cidade de Dublín. Xusto cando ían comezar as obras de derribo os obreiros que nelas participaban descubriron as tumbas de cento cincuenta e cinco internas que foran enterradas de xeito absolutamente anónimo e clandestino. Ducias e ducias de persoas acudiron ao lugar para ver se eran quen de poderen identificar os restos de familiares das que

nunca volveran ter noticia Agora os seus cadáveres repousan no cemiterio dublinés de Glasnevin.

O descubrimento destas tumbas provocou en Irlanda un escándalo público sen precedentes e todo canto agora se coñece acerca das Lavanderías procede dos testemuños orais de antigas lavandeiras, moitas das cales nunca foron capaces de reintegrarse na sociedade para poderen levar nunha vida normal, polo que tiveron que permanecer para sempre recluídas en diferentes institución públicas. Estas mulleres ou os seus familiares encargáronse de ir poñendo nomes propios a unha longa serie de horrendas historias de confinamento, opresión e degradación.

Mary Norris, que ten na actualidade setenta e cinco anos e foi ingresada no ano 1945 no asilo da cidade de Limerick porque súa nai viúva tiña relacións cun veciño que non eran do agrado do párroco por consideralas inmorais, confesa que aínda hoxe non foi quen de superar a terríbel dor emocional de estar constantemente asoballada, de escoitar cada minuto do día que non era unha boa persoa e de pensar que a súa familia a abandonara (cambiáranla de cidade para evitar posíbeis visitas).

Esta é simplemente unha máis entre os milleiros de historias que puideron aflorar por riba do manto de silencio que sempre cubriu a vida destas mulleres lavandeiras que ben merecen polo menos unha reflexión, tal como di a placa de St. Stephen's Green.

A derradeira Lavandería da Magdalena pechou as súas portas no ano de 1996!